

## I. DISPOSICIONES XERAIS

### MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

**15349** *Real decreto 1378/2018, do 8 de novembro, polo que se modifican os reais decretos 1075/2014, 1076/2014 e 1078/2014, todos eles do 19 de decembro, ditados para a aplicación en España da política agrícola común.*

O Real decreto 1075/2014, do 19 de decembro, sobre a aplicación a partir de 2015 dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría e outros réximes de axuda, así como sobre a xestión e control dos pagamentos directos e dos pagamentos ao desenvolvemento rural, regula a normativa básica aplicable en España, correspondente aos réximes de axuda establecidos no Regulamento (UE) n.º 1307/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen normas aplicables aos pagamentos directos aos agricultores en virtude dos réximes de axuda incluídos no marco da política agrícola común e polo que se derrogan os regulamentos (CE) n.º 637/2008 e (CE) n.º 73/2009 do Consello, e as características do sistema integrado de xestión e control, contidas no Regulamento (UE) n.º 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, sobre o financiamento, xestión e seguimento da política agrícola común, polo que se derrogan os regulamentos (CE) n.º 352/78, (CE) n.º 165/94, (CE) n.º 2799/98, (CE) n.º 814/2000, (CE) n.º 1290/2005 e (CE) n.º 485/2008 do Consello.

Como complemento necesario ao modelo aplicado no Reino de España do novo réxime de pagamento básico publicouse o Real decreto 1076/2014, do 19 de decembro, sobre asignación de dereitos de réxime de pagamento básico da política agrícola común, no cal se establecen as condicións sobre a asignación e xestión destes dereitos para o período de aplicación 2015-2020, e o Real decreto 1078/2014, do 19 de decembro, polo que se establecen as normas da condicionalidade que deben cumprir os beneficiarios que reciban pagamentos directos, determinadas primas anuais de desenvolvemento rural, ou pagamentos en virtude de determinados programas de apoio ao sector vitivinícola.

Entre as modificacións derivadas da aplicación do Regulamento (UE) 2017/2393 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de decembro de 2017, polo que se modifican os regulamentos (UE) n.º 1305/2013, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader); (UE) n.º 1306/2013, sobre o financiamento, xestión e seguimento da política agrícola común; (UE) n.º 1307/2013, polo que se establecen normas aplicables aos pagamentos directos aos agricultores en virtude dos réximes de axuda incluídos no marco da política agrícola común; (UE) n.º 1308/2013, polo que se crea a organización común de mercados dos produtos agrarios, e (UE) n.º 652/2014, polo que se establecen disposicións para a xestión dos gastos relativos á cadea alimentaria, á saúde animal e ao benestar dos animais, e relativos á fitosanidade e aos materiais de reprodución vexetal, incluíuse recentemente no Real decreto 1075/2014, do 19 de decembro, unha nova definición para os pastos permanentes que amplía o espectro dos pastos elixibles. Ao ser máis ampla esta definición, considérase necesario introducir novos axustes no dito real decreto, no que se refire á determinación de cando hai actividade agraria para efectos de axuda no caso de labores de mantemento nas ditas superficies, de cara a evitar posibles situacións de abandono.

Así mesmo, á luz da aprobación do Regulamento (UE) n.º 2018/1091, do 18 de xullo de 2018, do Parlamento e do Consello, relativo ás estatísticas integradas sobre explotacións agrícolas e polo que se derrogan os regulamentos (CE) n.º 1166/2008 e (UE) n.º 1337/2011, resulta necesario permitir o cumprimento das obrigacións que corresponden a España neste ámbito e facilitar a recompilación da información. Desta maneira, modifícase o Real decreto 1075/2014, do 19 de decembro, para introducir a posibilidade de utilizar os datos contidos na solicitude única para efectos estatísticos e para a remisión de certa información a través dela.

Por outro lado, o incumprimento no plano nacional dos límites de emisións de amoníaco establecidos na Directiva (UE) 2016/2284 do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de decembro de 2016, relativa á redución de emisións nacionais de determinados contaminantes atmosféricos, pola que se modifica a Directiva 2003/35/CE e se derroga a Directiva 2001/81/CE, obriga a establecer medidas no sector agrícola destinadas á redución da emisión de gases contaminantes que se encontran recollidas no Real decreto 1078/2014, do 19 de decembro, mediante a prohibición do uso dos sistemas de aplicación de xurros de abano, prato ou canón e a potestade das comunidades autónomas para estableceren excepcións a este. Por medio do artigo terceiro detállanse os termos do réxime conforme o cal as comunidades autónomas poderán establecer as citadas excepcións.

Ademais, despois da experiencia adquirida tras varias campañas de aplicación da reforma da política agrícola común resulta necesario realizar determinados axustes e precisións.

Así, o Real decreto 1075/2014, do 19 de decembro, modifícase para dotar o sistema de axudas dunha maior flexibilidade e propóñense cambios en aspectos tales como as condicións de mantemento da titularidade da explotación, nas axudas asociadas gandeiras; as condicións de elixibilidade tamén en axudas asociadas gandeiras para favorecer a incorporación de novos titulares á actividade, en particular de mozos gandeiros en novas explotacións, e o réxime de axuda aos cultivos proteicos, no que a algún dos seus requisitos se refire, así como do pagamento específico ao cultivo do algodón, sen que sexan cambios substanciais.

Así mesmo, dado que é obrigatoria en España desde a campaña 2018 a declaración gráfica das superficies na solicitude única, introdúcese axustes no Real decreto 1075/2014, do 19 de decembro, para o caso das superficies de uso en común, co fin de aclarar tanto aos agricultores como á Administración quen debe proporcionar a información sobre as ditas superficies.

Á vista da aprendizaxe adquirida durante os últimos anos a través das diversas auditorías realizadas polo Tribunal de Contas Europeo e a Comisión Europea, así como da propia aplicación en España da normativa básica da política agrícola común, resulta procedente ter en conta outras posibles situacións de creación de condicións artificiais ademais das que se estaban considerando até o momento, por iso se introduciu unha lista non exhaustiva de tales situacións, con obxecto de facilitar a súa detección ás autoridades competentes e, asemade, informar os solicitantes das axudas sobre as operacións consideradas de risco.

Outra das novidades introducidas refírese á posibilidade de consulta a través da sede electrónica do catastro dos titulares catastrais sobre a información relativa á presentación de solicitudes de axudas directas sobre as súas parcelas e os cultivos declarados.

Así mesmo, substitúese o anexo VIII, que regula os requisitos e condicións que deben cumprir as superficies de interese ecolóxico (SIE), co fin de incorporar a regulación das novas SIE e a especie *Crotalaria juncea* L. como novo cultivo fixador de nitróxeno.

Modifícase a solicitude de información relativa ao cultivo de millo modificado xeneticamente, de forma que non se proporcione só para efectos estatísticos, senón coa finalidade de contribuír ás actividades de vixilancia e control. Ademais, terase en conta na declaración se se cultiva millo nesa parcela en «segundas colleitas» de forma que estas poidan incluírse no plan de control oficial.

Así mesmo, simplifícase o procedemento establecido para a solicitude de ampliación de prazo de presentación de solicitudes por parte das comunidades autónomas.

Da mesma forma, para a correcta implementación destas axudas, cómpre unificar datas para o cumprimento dos requisitos nos reais decretos 1075/2014 e 1076/2014, ambos do 19 de decembro.

Tamén cómpre considerar modificacións menores de tipo técnico nos reais decretos obxecto de modificación, para unha mellor aplicación destes.

Finalmente, mediante a disposición derradeira primeira modifícase o Real decreto 9/2015, do 16 de xaneiro, polo que se regulan as condicións de aplicación da normativa comunitaria en materia de hixiene na produción primaria agrícola, e establécese

a forma de declaración anual das superficies hortofrutícolas das explotacións para a súa posterior descarga no Rexistro Xeral da Produción Agrícola (Rexepa).

Na elaboración da presente disposición consultáronse as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Así mesmo, en cumprimento do previsto na Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, o proxecto de real decreto foi sometido ao procedemento de información pública.

Na elaboración desta norma observáronse os principios de boa regulación previstos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así, de acordo cos principios de necesidade e eficacia, xustifícase o proxecto na necesidade dunha mellor implementación da normativa da Unión Europea en España e de evitar posibles correccións financeiras, pois é o instrumento máis adecuado para garantir a súa consecución, ao ser necesario que a regulación se recolla nunha norma básica. Respéctase o principio de proporcionalidade e a regulación límitase ao mínimo imprescindible para cumprir coa dita normativa. O principio de seguridade xurídica garántese ao establecérense nunha disposición xeral as novas previsións en coherencia co resto do ordenamento xurídico. Así mesmo, en aplicación do principio de transparencia foron consultadas durante a tramitación da norma as comunidades autónomas, as entidades representativas dos sectores afectados, e substanciouse o trámite de audiencia e información públicas. Finalmente, o principio de eficiencia considérase cumprido dado que non se impoñen novas cargas administrativas fronte á regulación actual.

Esta norma encóntrase recollida dentro do Plan anual normativo 2018.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, coa aprobación previa da ministra de Política Territorial e Función Pública, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 8 de novembro de 2018,

#### DISPOÑO:

**Artigo primeiro.** *Modificación do Real decreto 1075/2014, do 19 de decembro, sobre a aplicación a partir de 2015 dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría e outros réximes de axuda, así como sobre a xestión e control dos pagamentos directos e dos pagamentos ao desenvolvemento rural.*

O Real decreto 1075/2014, do 19 de decembro, sobre a aplicación a partir de 2015 dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría e outros réximes de axuda, así como sobre a xestión e control dos pagamentos directos e dos pagamentos ao desenvolvemento rural, queda modificado como segue:

Un. O artigo 3 queda modificado como segue:

A letra j) queda redactada da seguinte forma:

«j) «Xovenca»: o bovino femia da especie *Bos Taurus*, a partir da idade de oito meses e até un máximo de 36 meses, que aínda non pariu.»

Engádesse unha nova definición, coa letra t), co seguinte contido:

«t) Xefe da explotación: persoa física responsable das operacións financeiras e de produción habituais e diarias da explotación agrícola.»

Dous. A letra c) do número 2 do artigo 8 substitúese pola seguinte:

«c) Para as persoas xurídicas ou grupos de persoas físicas ou xurídicas, que dentro dos seus estatutos figure, antes da data de finalización do prazo de modificación da solicitude, a actividade agraria como o seu principal obxecto social.

Para as persoas físicas, que estean dadas de alta no Sistema especial para traballadores agrarios da Seguridade Social, antes da data de finalización do prazo de modificación da solicitude.»

Tres. O artigo 11 queda modificado como segue:

O número 2 queda redactado da seguinte forma:

«2. Para cada parcela ou recinto, o solicitante declarará na súa solicitude de axuda o cultivo ou aproveitamento ou, se for o caso, que o recinto é obxecto dun labor de mantemento. Indicarase expresamente na solicitude se sobre os recintos de pastos se vai realizar produción mediante pastoreo ou ben, no caso de pasteiros e pradeiras, mediante pastoreo ou sega; ou só mantemento con base nas actividades do anexo IV.

No caso dos pastos permanentes utilizados en común, non se admitirán as actividades de mantemento recollidas no anexo IV.»

A letra a) do número 6 substitúese pola seguinte:

«a) Declarar o código ou códigos REGA das explotacións gandeiras de que sexa titular principal na data de fin do prazo de modificación da solicitude única, nas cales manterá animais de especies gandeiras compatibles co uso do pasto e cuxa dimensión deberá ser coherente coa superficie de pasto declarada.»

Catro. O número 2 do artigo 12 queda modificado como segue:

«2. Considerarase unha situación de risco para efectos de control que as superficies de pastos declaradas no ámbito do artigo 11.6 do presente real decreto estean a unha distancia superior a 50 quilómetros da localización principal da explotación ou explotacións das cales é titular o solicitante. Esta distancia considerarase orientativa e a autoridade competente poderá modificala se, ao seu criterio, concorren causas que o xustifiquen.»

Cinco. O número 10 do artigo 14 queda redactado da seguinte forma:

«10. Por constituír unha situación de elevado risco de abandono, non se considerarán admisibles superficies das parcelas ou recintos en que se declarase, de forma reiterada, durante máis de cinco anos consecutivos, unha actividade de mantemento das recollidas no anexo IV, incluíndo o ano de presentación da solicitude única, a non ser que o solicitante poida demostrar que está realizando unha actividade agraria sobre as ditas parcelas, presentando a correspondente alegación ao Sixpac, de conformidade co establecido no artigo 94, con resolución positiva.»

Seis. O artigo 15 substitúese polo seguinte:

«Artigo 15. *Parcelas agrícolas á disposición do agricultor.*

As parcelas agrícolas de hectáreas admisibles utilizadas para xustificar dereitos de axuda deberán estar á disposición do agricultor, ben en réxime de propiedade, usufruto, arrendamento, parzaría ou asignación por parte dunha entidade xestora dun ben comunal, na data de fin do prazo de modificación da solicitude única.»

Sete. O ordinal 3.º da letra b) do artigo 25 queda redactado nos seguintes termos:

«3.º Que dispoña dun expediente favorable de concesión da axuda de primeira instalación no ámbito dun programa de desenvolvemento rural, ou que acredite posuír un nivel de capacitación agraria suficiente, para cuxa determinación se conxugarán criterios de formación lectiva e experiencia profesional, tal e como

establece o artigo 4.1.b) da Lei 19/1995, do 4 de xullo, de modernización das explotacións agrarias, que sexan acordes cos exixidos nos programas de desenvolvemento rural levados a cabo por cada comunidade autónoma, de que deberá dispor en calquera dos casos, antes da fin do prazo de modificación da solicitude única.»

Oito. O artigo 35 queda modificado como segue:

A letra e) queda sen contido.

A letra f) substitúese pola seguinte:

«f) Quedarán excluídas do cobramento da axuda aquelas superficies cuxa produción se utilice como fertilización en verde, salvo causas de forza maior debidamente xustificadas, e aquelas destinadas á obtención de sementes con fins comerciais.»

Nove. A letra a) do artigo 42 substitúese pola seguinte:

«a) Estar inscritos, ou en proceso de inscrición, nalgunha denominación de calidade das relacionadas na parte II do anexo XI, na data de finalización do prazo de modificación da solicitude.

Para tal efecto, cada consello regulador ou entidade acreditativa da produción agrícola ecolóxica ou outras denominacións de calidade diferenciada das incluídas na parte II do anexo XI deberá remitir, antes do 30 de xuño do ano en curso, á autoridade competente, os NIF dos agricultores inscritos ou en trámite de inscrición en denominacións de calidade diferenciada para os legumes, así como a superficie rexistrada por cada un deles.»

Dez. O número 2 do artigo 51 queda redactado do seguinte modo:

«2. A información indicada no segundo guión do anexo XII, así como, se for o caso, a modificación dos contratos presentados por un agricultor ou unha OP, poderanse presentar ante a autoridade competente até a data de finalización do prazo de modificación da solicitude.»

Once. O número 4 do artigo 55 queda modificado como segue:

«4. O contrato de subministración entre o agricultor e a ripadora autorizada subscribírase, como máis tarde, o día que se formalice a primeira entrega do algodón sen ripar obxecto deste, salvo que concorran circunstancias debidamente xustificadas a xuízo do órgano xestor.»

Doce. O artigo 58 queda modificado como segue:

O número 7 queda redactado do seguinte modo:

«7. Os gandeiros solicitantes das axudas asociadas deberán manter a titularidade das explotacións nas cales se encontren os animais susceptibles de percibir a axuda durante as datas en que se determina a súa elixibilidade e, en todo caso, até a data final do prazo de modificación da solicitude de cada ano. Exceptuaranse da condición de manter a titularidade durante as datas en que se determina a elixibilidade dos animais os casos de cambios de titularidade da explotación gandeira que tivesen lugar antes do final do período de modificación das solicitudes. En tales casos, o novo titular percibirá a axuda por todos os animais presentes na explotación que fose obxecto de cambio de titularidade durante as datas en que se determina a súa elixibilidade, independentemente de que a titularidade dos animais nesas datas sexa do novo ou do anterior titular.»

Engádesse un novo número 9, co seguinte contido:

«9. Para os efectos das solicitudes de axudas aos gandeiros, recollidas neste capítulo, entenderanse:

a) Por mozos gandeiros, aqueles que cumpran cos requisitos establecidos no artigo 25, así como gandeiros que, non tendo dereito a percibir o réxime de pagamento básico ou non solicitando a dita axuda, cumpren o resto de requisitos establecidos no artigo 25.

b) Por gandeiro que comeza a súa actividade, aquel que cumpra as condicións establecidas no artigo 24.4 do Real decreto 1076/2014, do 19 de decembro, así como gandeiros que, sen solicitaren dereitos de pagamento básico da reserva nacional, cumpren o resto de requisitos establecidos no artigo 24.4.»

Trece. Engádesse un novo parágrafo ao final do número 1 do artigo 61, co seguinte contido:

«No caso de mozos gandeiros e de gandeiros que comezan a súa actividade, que se incorporen nunha explotación gandeira con posterioridade ao 1 de xaneiro do ano de solicitude, os animais con dereito ao cobramento desta axuda serán os animais elixibles presentes na explotación en data do 30 de abril.»

Catorce. O artigo 64 queda modificado nos seguintes termos:

O número 1 queda modificado como segue:

«1. Non poderán optar a esta axuda os solicitantes que fosen titulares de dereitos especiais en 2014 e que, na solicitude única de cada campaña, non dispoñan de hectáreas admisibles sobre as que activar dereitos de pagamento básico. Non se aplicará este requisito no caso de que o solicitante activase dereitos de pagamento básico na campaña 2015 ou posteriores.»

A letra a) do número 5 substitúese pola seguinte:

«a) Que teña entre os seus obxectivos a engorda ou ceba en común dos xatos nacidos nas explotacións de vacas de cría dos seus socios. Para verificar este aspecto, as cabezas que darán lugar ao cobramento da axuda asociada para xatos cebados na mesma explotación de nacemento serán só as que nacesen das vacas nutrices da explotación, mentres que o resto poderá percibir a axuda para xatos cebados procedentes doutra explotación.»

Quince. O artigo 67 queda modificado nos seguintes termos:

O número 1 queda modificado como segue:

«1. Non poderán optar a esta axuda os solicitantes que fosen titulares de dereitos especiais en 2014 e que, na solicitude única de cada campaña, non dispoñan de hectáreas admisibles sobre as que activar dereitos de pagamento básico. Non se aplicará este requisito no caso de que o solicitante activase dereitos de pagamento básico na campaña 2015 ou posteriores.»

Engádesse un novo parágrafo ao final do número 2, co seguinte contido:

«No caso de mozos gandeiros e de gandeiros que comezan a súa actividade, que se incorporen nunha explotación gandeira con posterioridade ao 1 de xaneiro do ano de solicitude, os animais con dereito ao cobramento desta axuda serán os animais elixibles presentes na explotación en data do 30 de abril.»

Dezaseis. O artigo 71 queda modificado nos seguintes termos:

O número 1 queda modificado como segue:

«1. Non poderán optar a esta axuda os solicitantes que fosen titulares de dereitos especiais en 2014 e que, na solicitude única de cada campaña, non dispoñan de hectáreas admisibles sobre as que activar dereitos de pagamento básico. Non se aplicará este requisito no caso de que o solicitante activase dereitos de pagamento básico na campaña 2015 ou posteriores.»

O número 2 queda modificado como segue:

«2. As axudas concederanse por animal elixible e ano. Serán animais elixibles as femias da especie ovina mantidas como reprodutoras conforme a declaración censual obrigatoria establecida no artigo 11.4 do Real decreto 685/2013, do 16 de setembro, e que estean correctamente identificadas e rexistradas conforme a normativa vixente, en 1 de xaneiro do ano de presentación da solicitude única, nas explotacións que cumpran os requisitos establecidos na presente sección.

Non obstante, para aquelas comunidades autónomas que teñan plenamente implantado o sistema de identificación individual dos pequenos ruminantes, as femias elixibles serán as que consten correctamente identificadas individualmente en 1 de xaneiro do ano de presentación da solicitude única.

No caso de mozos gandeiros e de gandeiros que comezan a súa actividade, que se incorporen nunha explotación gandeira con posterioridade ao 1 de xaneiro do ano de solicitude, os animais con dereito ao cobramento desta axuda serán os animais elixibles presentes na explotación segundo a última declaración censual dispoñible na data final de prazo de modificación da solicitude única. A autoridade competente velará para que non se produzan duplicidades en relación coa posibilidade de que un mesmo animal poida resultar elixible en máis dunha explotación sendo, nestes casos, sempre prioritaria a elixibilidade a favor dos animais do mozo gandeiro que se incorpora. Nos demais casos de inicio de actividade, na falta dun acordo escrito en contrario, entenderase que a prioridade na elixibilidade se concede ao novo titular que se instala.»

A letra b) do número 4 queda modificada como segue:

«b) Co fin de evitar a creación artificial das condicións para percibir esta axuda, ter un limiar mínimo de movementos de saída da explotación de, ao menos, 0,6 cordeiros por femia elixible, no período comprendido entre o 1 de xuño do ano anterior á solicitude e o 31 de maio do ano de solicitude.

Malia o anterior, tamén poderán considerarse, para os efectos do cumprimento do limiar mínimo de movementos de saída da explotación, os animais nados na explotación do solicitante comercializados para reposición con menos de 12 meses que saen da explotación de orixe con identificación individual, e dos cales haxa constancia de non ter sido considerados como reprodutores na declaración censual do 1 de xaneiro do ano de solicitude.

Para o cálculo do número de cordeiros por femia elixible tomarase o resultado de arredondar a 1 decimal, de modo que este decimal que determina o resultado quedará invariable se o segundo decimal é menor a 5, mentres que se elevará ao número natural inmediatamente superior se o segundo decimal é igual ou superior a 5.

As explotacións clasificadas zootecnicamente como “reproducción para a produción mixta” e “reproducción para a produción de leite” poderán, alternativamente, cumprir o requisito anterior se teñen unha produción mínima de leite de 80 litros por reprodutora e ano. Para isto teranse en conta as entregas a compradores realizadas no período comprendido entre o 1 de xuño do ano anterior á solicitude e o 31 de maio do ano de solicitude e, se for o caso, as vendas directas de leite realizadas durante o ano natural anterior ao ano de solicitude.

Non obstante, para os casos de inicio de actividade e os cambios de titularidade recollidos no artigo 58.7 que se fagan efectivos tras o 1 de xuño do ano anterior a aquel en que se presenta a solicitude, a revisión do cumprimento dos limiares mínimos de produción (movemento de cordeiros ou produción de litros de leite), ratearase en función do número de meses en que o solicitante da axuda exercece a actividade desde a data de alta da súa explotación.»

Dezasete. O artigo 74 queda modificado nos seguintes termos:

O número 1 queda modificado como segue:

«1. Non poderán optar a esta axuda os solicitantes que fosen titulares de dereitos especiais en 2014 e que, na solicitude única de cada campaña, non dispoñan de hectáreas admisibles sobre as que activar dereitos de pagamento básico. Non se aplicará este requisito no caso de que o solicitante activase dereitos de pagamento básico na campaña 2015 ou posteriores.»

O número 2 queda modificado como segue:

«2. As axudas concederanse por animal elixible e ano. Serán animais elixibles as femias da especie cabrúa mantidas como reprodutoras conforme a declaración censual obrigatoria establecida no artigo 11.4 do Real decreto 685/2013, do 16 de setembro, e que estean correctamente identificadas e rexistradas conforme a normativa vixente, en 1 de xaneiro do ano de presentación da solicitude única, nas explotacións que cumpran os requisitos establecidos na presente sección.

Non obstante, para aquelas comunidades autónomas que teñan plenamente implantado o sistema de identificación individual dos pequenos ruminantes, as femias elixibles serán as que consten correctamente identificadas individualmente en 1 de xaneiro do ano de presentación da solicitude única.

No caso de mozos gandeiros e de gandeiros que comezan a súa actividade, que se incorporen nunha explotación gandeira con posterioridade ao 1 de xaneiro do ano de solicitude, os animais con dereito ao cobramento desta axuda serán os animais elixibles presentes na explotación segundo a última declaración censual dispoñible na data final de prazo de modificación da solicitude única. A autoridade competente velará para que non se produzan duplicidades en relación coa posibilidade de que un mesmo animal poida resultar elixible en máis dunha explotación; nestes casos será sempre prioritaria a elixibilidade a favor dos animais do mozo gandeiro que se incorpora. Nos demais casos de inicio de actividade, na falta dun acordo escrito en contrario, entenderase que a prioridade na elixibilidade se concede ao novo titular que se instala.»

A letra b) do número 4 queda modificada como segue:

«b) Co fin de evitar a creación artificial das condicións para percibir esta axuda, ter un limiar mínimo de movementos de saída da explotación de, ao menos, 0,6 cabritos por femia elixible, no período comprendido entre o 1 de xuño do ano anterior á solicitude e o 31 de maio do ano de solicitude.

Non obstante o anterior, tamén poderán considerarse, para os efectos do cumprimento do limiar mínimo de movementos de saída da explotación, os animais nados na explotación do solicitante comercializados para reposición con menos de 12 meses que saen da explotación de orixe con identificación individual, e dos cales haxa constancia de non ter sido considerados como reprodutores na declaración censual do 1 de xaneiro do ano de solicitude.

Para o cálculo do número de cabritos por femia elixible tomarase o resultado de arredondar a 1 decimal, de modo que este decimal que determina o resultado quedará invariable se o segundo decimal é menor a 5, mentres que se elevará ao número natural inmediatamente superior se o segundo decimal é igual ou superior a 5.



As explotacións poderán, alternativamente, cumprir o requisito anterior se teñen unha produción mínima de leite de 200 litros por reprodutora e ano. Para isto teranse en conta as entregas a compradores realizadas no período comprendido entre o 1 de xuño do ano anterior á solicitude e o 31 de maio do ano de solicitude e, se for o caso, as vendas directas de leite realizadas durante o ano natural anterior ao ano de solicitude.

Non obstante, para os casos de inicio de actividade e os cambios de titularidade recollidos no artigo 58.7 que se fagan efectivos tras o 1 de xuño do ano anterior a aquel en que se presenta a solicitude, a revisión do cumprimento dos limiares mínimos de produción (movemento de cabritos ou produción de litros de leite), ratearase en función do número de meses en que o solicitante da axuda exercece a actividade desde a data de alta da súa explotación.»

Dezaioito. O número 1 do artigo 78 substitúese polo seguinte:

«1. Serán beneficiarios desta axuda asociada os gandeiros de vacún de leite que fosen titulares de dereitos especiais en 2014 e que, na solicitude única de cada campaña, non dispoñan de hectáreas admisibles sobre as que activar dereitos de pagamento básico. Non terán dereito a esta axuda aqueles que activasen dereitos de pagamento básico nalgunha campaña a partir de 2015.»

Dezanove. O número 1 do artigo 81 queda modificado como segue:

«1. Serán beneficiarios desta axuda asociada os gandeiros de vacún de ceba que fosen titulares de dereitos especiais en 2014 e que, na solicitude única de cada campaña, non dispoñan de hectáreas admisibles sobre as que activar dereitos de pagamento básico. Non terán dereito a esta axuda aqueles que activasen dereitos de pagamento básico nalgunha campaña a partir de 2015.»

Vinte. O artigo 84 queda modificado nos seguintes termos:

O número 1 queda modificado como segue:

«1. Serán beneficiarios desta axuda asociada os gandeiros de ovino e cabrún que fosen titulares de dereitos especiais en 2014 e que, na solicitude única de cada campaña, non dispoñan de hectáreas admisibles sobre as que activar dereitos de pagamento básico. Non terán dereito a esta axuda aqueles que activasen dereitos de pagamento básico nalgunha campaña a partir de 2015.»

Engádesse un novo parágrafo ao final do número 4, co seguinte contido:

«Non obstante, para aquelas comunidades autónomas que teñan plenamente implantado o sistema de identificación individual dos pequenos ruminantes, as femias elixibles, tanto no caso da especie ovina como da especie cabrúa, serán as que consten correctamente identificadas individualmente en 1 de xaneiro do ano de presentación da solicitude única nas explotacións que cumpran os requisitos establecidos nas seccións 5.<sup>a</sup> e 6.<sup>a</sup>, segundo corresponda.»

Vinte e un. O último parágrafo do número 4 do artigo 92 substitúese polo seguinte texto:

«Sen prexuízo do anterior, o agricultor non deberá realizar a declaración gráfica das parcelas agrícolas no caso de superficies de uso común, incluídas as parcelas declaradas en réxime de parzaría. Nas ditas situacións a identificación da parcela agrícola declarada realizarase ben mediante o código de identificación do recinto ou recintos Sixpac que a integren ben con base nas referencias identificativas establecidas polas comunidades autónomas que se acollan á opción establecida no artigo 93.3 deste real decreto para os pastos utilizados en común, e indicarse a superficie en hectáreas con dous decimais.

A autoridade competente asegurase de que se produce a declaración gráfica destas superficies de uso en común, establecendo na súa normativa autonómica unha persoa ou entidade responsable de proporcionar a información necesaria, ben sexa unha unidade da administración, un dos solicitantes que declara as ditas superficies, o titular catastral das parcelas onde se localizan estas ou outras entidades. En todo caso, no caso de superficies de pastos permanentes de uso común con referencias identificativas distintas de Sixpac, a declaración gráfica da parcela agrícola será realizada pola autoridade xestora do dito pasto de acordo co artigo 93.3. Tamén quedan exceptuadas da realización da declaración gráfica as parcelas agrícolas en que non sexa posible utilizar o Sixpac, conforme o recollido no artigo 2.2 do Real decreto 1077/2014, do 19 de decembro.»

Vinte e dous. O número 2 do artigo 95 queda redactado do seguinte modo:

«2. O prazo de presentación da solicitude única para o ano 2015 iniciárase o 1 de marzo e finalizará o día 15 de maio do mencionado ano, ambos inclusive. A partir do ano 2016 o prazo iniciárase o 1 de febreiro e finalizará o 30 de abril de cada ano. As solicitudes poderán presentarse en calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Non obstante, cando sexa estritamente necesario para garantir o cumprimento da normativa europea, as comunidades autónomas, sempre despois de comunicación ao Fondo Español de Garantía Agraria e dentro do máximo permitido polos regulamentos da Unión Europea, poderán ampliar o prazo de presentación da solicitude única no seu ámbito territorial de actuación, de maneira debidamente motivada.

Para efectos da aplicación do artigo 92.2, no que se refire á declaración das parcelas agrícolas da explotación, as comunidades autónomas poderán basearse na información contida noutros rexistros.»

Vinte e tres. Engádesse o parágrafo seguinte no artigo 96:

«Non obstante o disposto no parágrafo anterior, nos casos en que as comunidades autónomas ampliasen o prazo de presentación da solicitude única e cando sexa estritamente necesario para garantir o cumprimento da normativa europea, sempre despois de comunicación ao Fondo Español de Garantía Agraria e dentro do máximo permitido polos regulamentos da Unión Europea, estas poderán ampliar o prazo de modificación da solicitude única no seu ámbito territorial de actuación, de maneira debidamente motivada.»

Vinte e catro. O artigo 98 queda redactado nos seguintes termos:

Engádesse un novo parágrafo ao final do número 2, co seguinte contido:

«En concreto, os datos contidos na solicitude única que cada ano deben presentar os agricultores, conforme o artigo 91, poderanse utilizar con fins estatísticos, conforme o establecido na Lei 12/1989, do 9 de maio, da función estatística pública. Para tales efectos, os datos da solicitude única facilitaranse ao Instituto Nacional de Estatística, do Ministerio de Economía e Empresa, co fin de dar cumprimento ao Regulamento (UE) n.º 2018/1091 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo de 2018, relativo ás estatísticas integradas sobre explotacións agrícolas e polo que se derrogan os regulamentos (CE) n.º 1166/2008 e (UE) n.º 1337/2011, e ao Plan estatístico nacional.»

O número 4 queda modificado como segue:

«4. O titular catastral das parcelas sobre as cales se localicen os recintos obxecto dunha solicitude de axuda, en canto que interesado no procedemento de comunicación catastral recollido no artigo 14.e) do texto refundido da Lei do catastro

inmobiliario, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2004, do 5 de marzo, terá dereito, con observancia das normas de protección de datos de carácter persoal, de acceso á información relativa á presentación de solicitudes de axudas directas sobre as súas parcelas e aos cultivos declarados. A consulta electrónica desta información poderaa realizar o titular catastral autenticándose na sede electrónica do Catastro cun certificado dixital emitido por algunha das autoridades de certificación recoñecidas pola Dirección Xeral do Catastro ou mediante o acceso á dita sede a través dos puntos de información catastral (PIC) mediante a acreditación que outorga o seu documento nacional de identidade.»

Vinte e cinco. No artigo 101 engádesse un novo número 6, co seguinte contido:

«6. Consideraranse tamén situacións de risco, para a súa análise caso por caso, para efectos da creación de condicións artificiais, todas aquelas operacións recollidas no anexo XV.»

Vinte e seis. A disposición derradeira segunda substitúese pola seguinte:

«Disposición derradeira segunda. *Facultade de desenvolvemento e modificación.*

Facúltase o titular do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación para adaptar os anexos, as datas e prazos deste real decreto ás exixencias derivadas da normativa da Unión Europea.

Así mesmo, o titular do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación poderá modificar o anexo II, mediante o reaxuste das liñas de axuda gandeiras, para evitar que as variacións nos parámetros utilizados para o cálculo das axudas poidan distorsionar o seu obxectivo, sempre que así o permita a normativa da Unión Europea.»

Vinte e sete. O anexo VII queda modificado do seguinte modo:

No número I engádense os novos puntos 1 bis) e 19, co seguinte contido:

«1 bis) Datos relativos ao xefe da explotación, necesarios para dar cumprimento ao Regulamento (UE) n.º 2018/1091 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo de 2018, relativo ás estatísticas integradas sobre explotacións agrícolas e polo que se derrogan os regulamentos (CE) n.º 1166/2008 e (UE) n.º 1337/2011, e ao Plan estatístico nacional.»

«19. En virtude do disposto no artigo 98.4, declaración expresa para que se facilite á Dirección Xeral de Catastro do Ministerio de Facenda, nos termos que se determinen mediante orde do ministro de Facenda, os datos persoais mínimos exixibles, para que o titular catastral poida exercer os seus dereitos de acceso, respecto das comunicacións ao Catastro inmobiliario recollidas no artigo 98.3.»

No número III introdúcense os seguintes cambios:

O punto 7 substitúese polo seguinte:

«7. No caso de que a parcela se semente ou estea plantada con:

a) Cereais ou oleaxinosas, indicárase con fins estatísticos se a semente utilizada é certificada ou provén de reemprego e a variedade sementada cando se trate de trigo duro, arroz, cónabo, algodón, tabaco e remolacha azucreira.

b) Millo modificado xeneticamente, deberán declararse todos os cultivos que se realicen por campaña e parcela, con indicación sempre do cultivo declarado para efectos de diversificación e outros cultivos, tal e como quedan definidos nas letras c) e d) do artigo 89.1. Ademais, o agricultor presentará unha

declaración responsable en que se indique que é coñecedor da normativa aplicable ao uso deste tipo variedades.

c) Cultivos proteicos dos definidos no artigo 34, indicarse se a dita parcela se destina á produción de semente con fins comerciais.

d) Cultivos hortícolas e froiteiras, deberá declararse anualmente e de forma gráfica toda a superficie de cultivo, a través da solicitude única ou das vías que a autoridade competente estableza para tal fin.

No caso de superficies de froiteiras indicarse a especie, a variedade e o ano de plantación. No caso de cultivos hortícolas, deberán especificarse as especies que se implantarán na campaña sobre a mesma superficie.»

Engádesse un novo punto 14, co seguinte contido:

«14. Datos relativos ao destino da produción agrícola necesarios para dar cumprimento ao Regulamento (UE) n.º 2018/1091 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo de 2018, relativo ás estatísticas integradas sobre explotacións agrícolas e polo que se derrogan os regulamentos (CE) n.º 1166/2008 e (UE) n.º 1337/2011, e ao Plan estatístico nacional.»

O punto 1 do número V queda sen contido.

Vinte e oito. O anexo VIII substitúese polo seguinte:

#### «ANEXO VIII

#### **Requisitos e condicións que deberán cumprir as superficies de interese ecolóxico establecidas no artigo 24**

##### *I. Terras en barbeito e terras en barbeito para plantas melíferas*

A) Disposicións comúns para terras en barbeito e terras en barbeito para plantas melíferas. Para que as terras en barbeito e en barbeito para plantas melíferas sexan consideradas superficies de interese ecolóxico non deberán dedicarse á produción agraria durante, ao menos, un período de seis meses consecutivos, contabilizados dentro do período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 30 de setembro do ano de solicitude. En calquera caso, estarán permitidas as intervencións dirixidas a establecer unha cuberta vexetal verde con fins relacionados coa biodiversidade.

En todos os barbeitos que sexan considerados superficies de interese ecolóxico, queda prohibido o emprego de calquera tipo de produto fitosanitario.

Para os efectos da solicitude, a dita superficie deberá ser declarada como superficie en barbeito ou en barbeito para plantas melíferas o ano de solicitude en que se pretenda computar como superficie de interese ecolóxico.

Así mesmo, todas as superficies de barbeito que pretendan computarse como de interese ecolóxico non deberán ter estado precedidas por ningún cultivo fixador de nitróxeno dos incluídos na lista da epígrafe seguinte.

B) Disposicións específicas para as terras en barbeito para plantas melíferas. Para que as terras sexan consideradas «barbeito para plantas melíferas» e, por conseguinte, superficies de interese ecolóxico, deberán ser sementadas cunha mestura de especies melíferas elixibles, que representen un mínimo de 4 familias diferentes e que sexan predominantes nas ditas superficies.

En ningún caso, a mestura de especies implantadas deberá colleitarse nin constituír unha produción que poida dar lugar a isto.

A lista de especies elixibles será publicada anualmente polo FEGA ao inicio do período de solicitude única de cada campaña.

Deberase respectar unha dose mínima de sementeira razoable, de modo que permita alcanzar unha cuberta herbácea adecuada para lograr o obxectivo perseguido, que é favorecer a biodiversidade e potenciar o desenvolvemento de polinizadores.

Na elección de especies favorecerase que as súas floracións se distribúan ao longo do ano, co obxecto de asegurar a dispoñibilidade do recurso durante a maior parte do ano.

A lista de especies elixibles poderá ampliarse, a decisión do organismo xestor, con outras especies melíferas adicionais para ter en conta as súas condicións particulares, que sexan autóctonas ou especies locais, sempre tendo en conta unha correcta selección para fomentar aquelas especies propias do lugar, e que, ademais de teren unha eficacia polinizadora, poidan ser adxuvantes no control de malas herbas e pragas, evitando en todo caso aquelas de difícil control ou que poidan ser reservorios de axentes prexudiciais e, en particular, as exóticas invasoras.

Queda permitida a presenza doutras especies de carácter herbáceo, distintas das elixibles, cando estas últimas sexan predominantes.

Dado o seu carácter melífero, e como excepción aos requisitos xerais exixibles ás superficies de interese ecolóxico, autorízase a colocación de trobos neste tipo de barbeitos.

## II. Cultivos fixadores de nitróxeno

Consideraranse superficies de interese ecolóxico as dedicadas ao cultivo das seguintes especies de leguminosas para consumo humano ou animal:

- feixón (*Phaseolus vulgaris* L., *Phaseolus lunatus* L., *Phaseolus coccineus* L.),
- garavanzo (*Cicer arietinum* L.),
- lentella (*Lens sculenta* Moench, *Lens culinaris* Moench),
- chícharo (*Pisum sativum* L.),
- fabas (*Vicia faba* L.),
- tremozo (*Lupinus* spp.),
- alfarroba (*Vicia monanthos* Desf.),
- pedrelos bravos ou almorta (*Lathyrus sativus* L.),
- veza ou ervellaca (*Vicia sativa* L.),
- ervellas bravas (*Vicia ervilia* (L.) Willd.),
- alforba (*Trigonella foenum-graecum* L.),
- ervella negra (*Vicia narbonensis* L.),
- alfalfa (*Medicago sativa* L.),
- esparcela (*Onobrichis sativa* Lam.),
- sula (*Hedysarum coronarium* L.),
- trevo (*Trifolium* spp.),
- soia (*Glycine max* (L.) Merrill)
- cacahuete (*Arachis hypogaea* L.).
- crotalaria (*Crotalaria juncea* L.)

Admitiranse, así mesmo, mesturas destes cultivos con outros que non teñan capacidade de fixar nitróxeno, sempre que o cultivo fixador de nitróxeno sexa predominante na mestura.

En todas as superficies de cultivos fixadores de nitróxeno que pretendan computar como superficies de interese ecolóxico queda prohibido o emprego de calquera tipo de produto fitosanitario.

Así mesmo, para optimizar o beneficio ambiental que achegan os cultivos fixadores de nitróxeno, estes manteranse sobre o terreo, ao menos, até o inicio da floración.

Co obxecto de evitar o risco de lixiviación do nitróxeno fixado por estes cultivos no outono, así como de aproveitar a mellora do solo que se obtén con este tipo de cultivos, as superficies de cultivos fixadores de nitróxeno que pretendan computarse como de interese ecolóxico non poderán ir seguidas na rotación de cultivos da explotación por terras en barbeito.

### III. Superficies con *Miscanthus* e *Silphium perfoliatum*

Nas superficies de *Miscanthus* e *Silphium perfoliatum* que pretendan computar como superficies de interese ecolóxico non se poderán utilizar nin fertilizantes minerais nin produtos fitosanitarios.»

Vinte e nove. O anexo XIV substitúese polo seguinte:

#### «ANEXO XIV

#### **Declaración gráfica das superficies de pastos permanentes de uso común**

1. A comunidade autónoma poderá decidir que os recintos que se declaren sexan recintos normais ou recintos con outras referencias oficiais. Considéranse recintos normais os que teñen unha identificación referenciada no Sixpac.

2. Tanto se se trata de recintos normais como de recintos con outras referencias oficiais, a autoridade xestora do pasto declarado en común, de forma previa á apertura da solicitude única ou en paralelo a esta deberá presentar unha declaración, con base no procedemento que estableza a comunidade autónoma, na cal se inclúa, ao menos, a seguinte información:

– Datos xerais da autoridade xestora: nome ou razón social e, se se dispón del, DNI/NIF. Debe ser posto en coñecemento dos agricultores por parte da dita autoridade xestora.

– Denominación, se procede, do pasto declarado en común e, se se dispón del, número de MUP no caso dos montes de utilidade pública.

– Se for o caso, código identificativo do recinto con outras referencias oficiais: será definido pola comunidade autónoma e posto en coñecemento dos agricultores, necesariamente antes de que finalice o período de presentación da solicitude única, para efectos de que poida ser utilizado na declaración de superficies. De forma xeral, para un pasto declarado en común concreto definirase un único código identificativo, a non ser que a adxudicación se realice por zonas concretas do dito pasto, caso en que se definirá un código por zona.

1. Código de provincia e municipio.
2. Códigos de agregado e zona.
3. Polígono (3 posicións): codificarase con números do rango dos 900.
4. Parcela (5 posicións): codificarase con números do rango dos 99000.
5. Recinto (5 posicións): codificarase con números do rango dos 99000.

– Recintos reais asociados que forman parte dos pastos declarados en común (superficie bruta). Se de cara ao caché de campaña hai cambios de admisibilidade nos recintos, a comunidade autónoma comunicarllo á autoridade xestora.

– Delimitación gráfica da superficie dos pastos utilizada en común dentro dos recintos reais mencionados no parágrafo anterior.

– Coeficiente de admisibilidade (CAP) dos pastos declarados en común. O CAP establecerase en cada un dos recintos que conforman o pasto declarado en común.

– Agricultores asociados co seu NIF.

– Participación de cada agricultor no pasto declarado en común, que poderá ser o número de hectáreas asignadas a cada un dos agricultores ou a porcentaxe de participación.

3. Pola súa parte, o solicitante de pastos declarados en común deberá declarar:

a) No caso de declarar recintos normais, indicará a relación de todos os recintos dos que foi adxudicatario e a superficie asignada en cada un deles en hectáreas con dous decimais.

b) No caso de declarar recintos con outras referencias oficiais:

- Hectáreas asignadas pola autoridade xestora do pasto declarado en común que solicita.
- Datos xerais da autoridade xestora do pasto declarado en común, que deberá coincidir co identificativo a que fai referencia no punto anterior da declaración da autoridade xestora.
- Código identificativo do recinto ou recintos con outras referencias oficiais correspondentes ao pasto declarado en común que desexa declarar e que foi definido previamente pola autoridade xestora. Debe coincidir co código a que fai referencia o punto anterior da declaración da autoridade xestora.»

Trinta. Engádesse un novo anexo XV co seguinte contido:

## «ANEXO XV

### **Outras situacións que hai que considerar como posibles casos de creación de condicións artificiais para efectos do artigo 101**

De acordo co previsto nos números 1 e 3 do artigo 99 respecto ao plan nacional e rexional de control para cada campaña, poderanse considerar posibles casos de creación de condicións artificiais, as situacións recollidas na seguinte lista non exhaustiva de casos, que sexan recoñecidos como tal pola autoridade competente:

A) Con carácter xeral:

1. Falseamento ou ocultación de datos ou documentación
2. Impedimento do titular ou do seu representante de que se realice un control sobre o terreo.
3. Intento de retirar a solicitude por parte do solicitante, unha vez que foi informado da intención de efectuar un control sobre o terreo ou cando a autoridade competente o avisou da existencia de irregularidades.

B) No ámbito dos réximes de axudas baseadas en superficies:

1. Indicios de falsidade ou fraude nas probas achegadas para acreditar os supostos indicados no último parágrafo do artigo 11.6.c) en relación coa actividade agraria en pastos.
2. Declaración dun tipo de superficie ou actividade que non teña relación coa orientación produtiva da explotación.
3. Reiteración en dúas campañas consecutivas dunha sobredeclaración significativa de superficie no expediente.
4. Indicios de declaración intencionada de superficies nas cales non se exerce actividade agraria no caso das situacións de risco establecidas no artigo 12.

C) No marco das solicitudes do pagamento a mozos agricultores ou de asignación de dereitos de pagamento básico da reserva nacional:

1. No que se refire á primeira instalación como responsable de explotación agraria de mozos agricultores, cando se produza a alta no réxime da Seguridade Social correspondente á actividade agraria que determine a súa incorporación, co fin de ser admisibles para algún dos réximes de pagamento citados e, unha vez estimada a solicitude e/ou percibido o pagamento, se dean de baixa.
2. Cambio de titularidade dunha explotación total ou parcial a un mozo agricultor ou agricultores que inician a actividade agraria e, unha vez asignada a reserva nacional ou activados os dereitos de pagamento básico cedidos sen peaxe, transfíren os dereitos de pagamento básico e a explotación ao titular inicial desta.

D) No ámbito das axudas asociadas á gandaría, poderanse considerar entre outras situacións:

1. Intercambio de gando entre produtores con vistas a incrementar o número de animais potencialmente subvencionables para unha axuda.
2. Variacións desproporcionadas do censo de reprodutoras nas datas en que se determina a elixibilidade dos animais, en relación coa actividade gandeira media da explotación ao longo do ano de solicitude, sempre que non sexa por causa de forza maior ou circunstancia excepcional.»

**Artigo segundo.** *Modificación do Real decreto 1076/2014, do 19 de decembro, sobre asignación de dereitos de réxime de pagamento básico da política agrícola común.*

O Real decreto 1076/2014, do 19 de decembro, sobre asignación de dereitos de réxime de pagamento básico da política agrícola común, queda modificado como segue:

Un. O artigo 24 queda modificado do seguinte modo:

O ordinal 1.º do número 3.a) substitúese polo seguinte:

«1.º Que dispoñan dun expediente favorable de concesión da axuda de primeira instalación no ámbito dun programa de desenvolvemento rural ou que acrediten a formación e capacitación adecuada no ámbito agrario, para cuxa determinación se conxugarán criterios de formación lectiva e experiencia profesional, tal e como establece o artigo 4.1.b) da Lei 19/1995, do 4 de xullo, de modernización das explotacións agrarias, que sexan acordes cos exixidos nos programas de desenvolvemento rural desenvolvidos por cada comunidade autónoma, na fin do prazo de modificación da solicitude única.»

As letras a), b) e d) do número 4 quedan redactadas nos seguintes termos:

«a) Que dispoña da formación e capacitación adecuadas no ámbito agrario, para cuxa determinación se conxugarán criterios de formación lectiva e experiencia profesional, tal e como establece o artigo 4.1.b) da Lei 19/1995, do 4 de xullo, que sexan acordes cos exixidos nos programas de desenvolvemento rural desenvolvidos por cada comunidade autónoma, na fin do prazo de modificación da solicitude única.

b) Que comece a súa actividade agraria no ano 2013 ou posterior, sempre que nos cinco anos previos á data de comezo da nova actividade non desenvolvese ningunha actividade agraria pola súa propia conta e risco, nin exercese o control dunha persoa xurídica dedicada a unha actividade agrícola. Para estes efectos, o comezo da actividade considerarase desde a data de alta no réxime de Seguridade Social correspondente á actividade agraria que determine a súa incorporación, da cal deberá dispor antes da fin do prazo de modificación da solicitude única.»

«d) No caso de persoas xurídicas, o novo agricultor que realice o control efectivo da persoa xurídica, de maneira similar a como consta no número 3.b).1.º para agricultores mozos deste mesmo artigo, deberá cumprir o requisito de non ter exercido a actividade agraria nos 5 anos anteriores á data de comezo da nova actividade e estar dado de alta no réxime da Seguridade Social correspondente á actividade agraria que determine a súa incorporación, da cal deberá dispor antes da fin do prazo de modificación da solicitude única, ademais de cumprir o resto de requisitos establecidos como novo agricultor.»

Dous. O artigo 25 queda redactado nos seguintes termos:

As letras a), b), d) e e) do número 2 quedan modificadas como segue:

«a) A primeira instalación no ámbito dun programa de desenvolvemento rural entenderase realizada cando exista unha resolución favorable de concesión da axuda de primeira instalación, na fin do prazo de modificación da solicitude única.



b) Ter a formación e capacitación adecuadas no ámbito agrario, acordes cos exixidos nos programas de desenvolvemento rural desenvolvidos por cada comunidade autónoma, acreditada na fin do prazo de modificación da solicitude única.»

«d) O agricultor non pode ter recibido dereitos da reserva nacional en anteriores asignacións de dereitos de pagamento básico da reserva nacional, excepto no caso de sentenzas xudiciais firmes ou se a incorporación do mozo á actividade agraria se efectúa mediante un programa de desenvolvemento rural executado por fases. Neste último caso, a asignación total de dereitos da reserva non poderá superar o número de hectáreas especificado da explotación final indicada no plan empresarial da incorporación en fases.

e) O agricultor debe terse incorporado á actividade agraria e estar dado de alta na Seguridade Social na actividade agraria, tal e como establece a lexislación vixente, na fin do prazo de modificación da solicitude única.»

As letras b) e c) do número 3 quedan redactadas do seguinte modo:

«b) Ter a formación e capacitación adecuada no ámbito agrario, acordes cos exixidos nos programas de desenvolvemento rural desenvolvidos por cada comunidade autónoma, acreditada na fin do prazo de modificación da solicitude única.

c) O agricultor debe terse incorporado á actividade agraria e estar dado de alta na Seguridade Social na actividade agraria, tal e como establece a lexislación vixente, na fin do prazo de modificación da solicitude única.»

Tres. Os números 2 e 3 do artigo 27 quedan redactados da seguinte maneira:

«2. As comunidades autónomas comunicaran a asignación de dereitos aos agricultores do seu ámbito antes do 28 de febreiro do ano seguinte ao de presentación da solicitude de dereitos á reserva nacional, excepto no primeiro ano de aplicación do réxime de pagamento básico, en que esta data será o 1 de abril de 2016. Transcorrido o dito prazo sen que se ditase e comunicase a resolución expresa, os interesados poderán entender desestimada a súa solicitude, de conformidade co establecido no artigo 25.1.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

3. Malia o disposto no número anterior, de acordo co previsto nos artigos 45 e 46 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, esta comunicación poderá ser substituída pola publicación da dita información.»

Catro. O número 1 do artigo 29 queda modificado como segue:

«1. No caso da venda ou arrendamento de dereitos de axuda sen terras restituírase á reserva nacional o 20 % do valor de cada dereito, excepto no caso de que se trate de cesións pola totalidade dos dereitos realizadas por produtores cuxo importe total de dereitos de pagamento básico sexa inferior aos 300 €, de tal maneira que se facilite a venda dos seus dereitos.

Tampouco se aplicará a dita retención no caso de venda ou arrendamento dos dereitos de axuda sen terras a agricultores mozos mentres sexan elixibles para percibir o complemento a mozos agricultores, segundo o artigo 25 do Real decreto 1075/2014, do 19 de decembro.»

Cinco. O artigo 30 queda modificado do seguinte modo:

O número 1 queda redactado nos seguintes termos:

«1. O cedente comunicará a cesión dos dereitos de axuda á autoridade competente ante a que presentase a súa última solicitude única, entregando, xunto coa dita comunicación, os documentos necesarios, en función do tipo de cesión elixida, para acreditala. O período de comunicación iniciarase o 1 de novembro e finalizará na data de fin do prazo de modificación da solicitude única do seguinte ano, aínda que cada comunidade autónoma poderá atrasar o inicio da

comunicación de cesións a unha data non posterior á de inicio do prazo de presentación da solicitude única.»

O número 3 queda modificado do seguinte modo:

«3. Todos os cambios de titularidade por motivo de herdanzas, xubilacións en que o cesionario dos dereitos sexa un familiar de primeiro grao do cedente, programas aprobados de cesamento anticipado, incapacidade laboral permanente, fusións ou escisións e cambios de personalidade xurídica, así como as modificacións dos arrendamentos debidos a cambios de titularidade, se notificarán ás autoridades competentes, e achegarase, ao menos, a información que figura no anexo VI, antes da data límite do prazo de presentación de comunicacións de cesións de dereitos de pagamento básico establecido polo número 1 do presente artigo.»

**Artigo terceiro.** *Modificación do Real decreto 1078/2014, do 19 de decembro, polo que se establecen as normas da condicionalidade que deben cumprir os beneficiarios que reciban pagamentos directos, determinadas primas anuais de desenvolvemento rural, ou pagamentos en virtude de determinados programas de apoio ao sector vitivinícola.*

No número 2 do anexo II sobre boas condicións agrarias e ambientais da terra (BCAM) do Real decreto 1078/2014, do 19 de decembro, polo que se establecen as normas da condicionalidade que deben cumprir os beneficiarios que reciban pagamentos directos, determinadas primas anuais de desenvolvemento rural, ou pagamentos en virtude de determinados programas de apoio ao sector vitivinícola, o penúltimo parágrafo da BCAM 6 substitúese polos dous parágrafos seguintes:

«A aplicación de xurro nas superficies agrícolas non poderá realizarse mediante sistemas de prato ou abano nin canóns, e as comunidades autónomas poderán establecer excepcións.

As comunidades autónomas deberán favorecer a aplicación das mellores técnicas dispoñibles á hora de establecer excepcións á prohibición. No caso de parcelas nas cales a pendente media sexa superior ao 20 %, con carácter xeral non se poderá realizar a dita aplicación. Non obstante, aquelas comunidades autónomas que teñan zonas con orografía complicadas e onde se dea a dita circunstancia nunha maioría das súas parcelas poderán agrupar esas parcelas seguindo criterios obxectivos e establecer excepcións mediante resolucións ou regulamentos non necesariamente individualizados.»

**Disposición derradeira primeira.** *Modificación do Real decreto 9/2015, do 16 de xaneiro, polo que se regulan as condicións de aplicación da normativa comunitaria en materia de hixiene na produción primaria agrícola.*

Engádese un novo número 6 no artigo 5 do Real decreto 9/2015, do 16 de xaneiro, polo que se regulan as condicións de aplicación da normativa comunitaria en materia de hixiene na produción primaria agrícola, co seguinte contido:

«6. Para os efectos do cumprimento das obrigacións dispostas no artigo 4, no sector de froitas e hortalizas, os agricultores deberán declarar anualmente a totalidade das superficies que dediquen a froitas e hortalizas, a través das solicitudes únicas de axuda da política agrícola común (PAC), ou do Programa de opcións específicas polo afastamento e insularidade (Posei) ou a través dos medios electrónicos establecidos pola autoridade competente.»

**Disposición derradeira segunda.** *Referencias normativas.*

As referencias contidas no Real decreto 1076/2014, do 19 de decembro, á Lei 30/1992, do 26 de novembro, entenderanse feitas á Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

As referencias contidas no Real decreto 1075/2014, do 19 de decembro, á Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, entenderanse tamén feitas ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).»

**Disposición derradeira terceira.** *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2019.

Dado en Madrid o 8 de novembro de 2018.

FELIPE R.

O ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación,  
LUIS PLANAS PUCHADES